

## Acta da Comisión Permanente do día 23 de xuño de 2023

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 23/06/2023
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 23/06/2023
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 11:30 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Prieto Alonso, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

### 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 16 de maio de 2023.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

### 2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.

A Presidenta sinala que na convocatoria de matrícula para o curso académico 2023/2024, en relación ao procedemento de cambio no réxime de permanencia de matrícula nas titulacións de grao (solicitudes de matrícula a tempo parcial), establécese que o prazo máximo para resolvelas será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. Para axilizar o proceso e a petición da Área Académica de Graos propónse aprobar o mesmo acordo que no curso anterior:

*“Delegar na Área de Estudos de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a AUTORIZACIÓN daquelas solicitudes de matrícula a tempo parcial que cumpran os requisitos establecidos na normativa vixente, sen que estas teñan que ser sometidas á Comisión Permanente desta Escola. Aquelas solicitudes que contemplan situacións non recollidas na normativa, nin cumpran os requisitos establecidos nela, serán resoltas por esta Comisión”.*

A Comisión Permanente aproba a proposta por asentimento.

### 3. Aprobación, se procede, do informe sobre a actividade docente de Iván Garrido González.

A Presidenta sinala que se trata dun profesor do Centro Universitario da Defensa, centro adscrito á Universidade de Vigo que conta cun procedemento interno diferente para a solicitude de recoñecemento de quinquenios de docencia.

A continuación amosa a solicitude e comenta que se comprobou que no período solicitado non consta ningunha incidencia rexistrada polo que propón emitir informe favorable.

NOMBRE	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Iván Garrido González	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	10/01/2018 ao 15/10/2021

A comisión aproba por asentimento emitir informe favorable sobre a actividade docente para a solicitude recibida.

**4. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta sinala que se achegaron 4 solicitudes do GEE e 1 do GERME. Teresa Rivas pregunta se non é posible incluír unha muller no tribunal correspondente ao GEE; María Araújo responde que na proposta inicial a secretaria dese tribunal era unha muller pero non pode asistir e aclara que cos criterios fixados (áreas afines ás temáticas dos traballos, etc.) non hai moito marxe para este tipo de axustes.

A día de hoxe dúas das alumnas do GEE non cumpren os requisitos porque as actas dunhas materias aínda non están pechadas pero se sabe que as aprobaron.

A Comisión aproba por asentimento a proposta de tribunais.

**5. Rogos e preguntas.**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 43 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xuño de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace  
A Presidenta

Elena Prieto Alonso

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da Comisión Permanente do 23/06/2023

## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o venres, 23 de xuño de 2023, ás 11:00 h en primeira convocatoria e as 11:30 h en segunda.

A reunión terá lugar, **na modalidade presencial**, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 16 de maio de 2023.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Aprobación, se procede, do informe sobre a actividade docente de Iván Garrido González.
4. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
5. Rogos e preguntas.

Vigo, 16 de xuño de 2023  
O Secretario

Guillermo García Lomba

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA**

CSV : GEN-6e48-50f2-7d50-50e0-325b-c2e4-6d22-6736

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 16/06/2023 14:57 | NOTAS : F





## ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 23/06/2023

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 23 de xuño de 2023</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>Profesorado</b>
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Javier Vijande López
<b>Estudantes</b>
Carmen Alonso Pérez
Santiago Domínguez Blanco
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Desculpou a súa ausencia Belén Parente Artime.



### **ANEXO III**

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria